



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA REALIZAR MEDICIÓNS DE CONCENTRACIÓN DE GAS RADÓN NOS EDIFICIOS XUDICIAIS DURANTE OS ANOS 2025 E 2026

REUNIDOS

Dunha parte, D. **Diego Calvo Pouso**, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. **Antonio López Díaz**, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambos interveñen, en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que para subscribir convenios teñen conferidas, recoñécense mutua e respectiva competencia e mais capacidade suficiente para formalizar o presente convenio, e

EXPOÑEN

- I. O radon é un gas que se produce de xeito natural como consecuencia da desintegración do uranio que está presente nos materiais que constitúen a codia terrestre. A súa inhalación en cantidades importantes é considerada pola OMS como a segunda causa de cáncer de pulmón logo do tabaquismo.
- II. A Comisión Europea publicou en 2014 unha directiva instando aos países membros a legislar antes de febreiro de 2018 acerca da necesidade de manter niveis de concentración de radon en interiores por debaixo dos 300 Bq/m³.
- III. O Real Decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes,





establece que os titulares dos centros de traballo teñen a obriga de estimar o promedio anual de concentración de radon nas zonas de traballo situadas na planta baixa e sotos dos edificios en aquelas zonas designadas polo Consello de Seguridade Nuclear.

- IV. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes está interesada en realizar unha serie de medicións en distintos órganos xudiciais para cuantificar a concentración de gas radon e poder elaborar os posibles plans de actuación de ser o caso.
- V. Existe interese por parte da USC de aumentar datos de medicións de radon que permitan continuar mellorando o coñecemento da súa distribución no territorio galego.
- VI. O Laboratorio de Radon de Galicia (LRG), dependente da Universidade de Santiago de Compostela está formado por investigadores da Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública, con máis de 30 anos de experiencia no estudo e medida do gas radon. O Laboratorio é recoñecido internacionalmente e ten recibido encargos do Ministerio de Sanidade, Consello de Seguridade Nuclear e ten participado de xeito activo na elaboración do Plan Nacional de Radon.
- VII. O LRG está acreditado pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) para a realización de medicións de radon tanto por técnica de trazas e en continuo dende o ano 2019. Foi o primeiro laboratorio español en ser acreditado en continuo e o segundo en técnica de trazas. Esta acreditación é obrigatoria e preceptiva para a medición de radon nos postos de traballo, tal e como se recolle no mencionado RD 1019/2022.
- VIII. O LRG, e por extensión, a USC, considera altamente beneficiosa a medición de radon en edificios de carácter público e institucional, neste caso nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia, xa que o alto volume de datos obtidos, e a súa análise posterior, revirte directamente en materia de investigación, en concreto no impacto do gas radon na saúde, a relación entre patróns xenéticos e a exposición ao radon, a súa concentración segundo a distribución xeográfica e o tipo de solo, etc.
- IX. A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia é o órgano da Administración autonómica que, a través da Dirección Xeral de Xustiza, exerce as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia relativas aos medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de xustiza, en virtude do Decreto 136/2024 do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica. En virtude destas competencias, considera necesario a realización de medicións de gas radón nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia para garantir a salubridade e as óptimas condicións laborais do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.





En consecuencia, acordan formalizar o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Universidade de Santiago de Compostela, aos efectos de realizar medicións de concentración de gas radon nos órganos xudiciais da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as necesidades que se presenten ao durante os anos 2025 e 2026, que á súa vez permitirá mellorar o coñecemento e as investigación relacionadas cos efectos do gas radón.

Os órganos xudiciais concretos a medir serán os contidos no Anexo I.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Xustiza, financiará os custos que xeren as actividades realizadas para que se cumpran os obxectivos do presente convenio. O orzamento máximo do convenio é de 43.610,82 €, con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.227.16 e código de proxecto 2015 00075 dos orzamentos dos anos 2025 e 2026.

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Xustiza, no desenvolvemento das competencias que ten atribuídas tanto nos edificios xudiciais como nos edificios de uso compartido, asume a obriga de dirixir e encomendar os traballos de análise e estudo da exposición ao gas radon e realizar, en permanente colaboración cos profesionais da Universidade de Santiago de Compostela, os estudos e análises obxecto deste convenio.

- A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, facilitará á Universidade de Santiago de Compostela o acceso aos edificios, os planos necesarios para o coñecemento destes e informará aos usuarios dos mesmos da necesidade de colaborar e non interferir no desenvolvemento das medicións.





Terceira.- Obrigas das USC

A Universidade de Santiago de Compostela asume a obriga de realizar as correspondentes medicións de gas radon nos edificios seleccionados pola administración e a entregar os resultados nos prazos indicados neste convenio.

A Universidade de Santiago de Compostela realizará as seguintes actuacións:

- Subministración e colocación dos detectores atendendo ao número de centros seleccionados e ao número de detectores pasivos por estancia que se atope en planta soto e planta baixa dos centros de traballo ocupados por persoal traballador dunha forma continua.
- Análise da concentración de radon en aire en interiores cos detectores pasivos subministrados.
- Realización da medición e entrega dos resultados cun informe final explicativo, por edificio, e unha proposta de melloras que se podería incorporar en posibles plans de actuacións.
- Manter a acreditación ENAC durante a vixencia do convenio.

Cuarta.- Financiación do convenio

O presente convenio financiarase para os anos 2025 e 2026, cunha achega por un importe máximo de corenta e tres mil seiscientos dez euros con oitenta e dous céntimos (43.610,82 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.03.131A.227.16 e código de proxecto 2015 00075 dos orzamentos dos anos 2025 e 2026.

O orzamento desagregase nas seguintes anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2025	2.323,20 €
2026	41.287,62 €

O importe máximo a aboar polo presente Convenio por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes estimouse en función do número de medidores necesarios a un prezo de 37,00 € (sen IVE) por cada medidor instalado, se non require desprazamento, e de 40,00 € (sen





IVE) si o require. A maiores, financiaranse os gastos de persoal durante a colocación dos medidores, estimados en 160,00 € (sen IVE) cada día da instalación.

Quinta.- Libramentos de fondos e xustificación económica

Realizaranse dous pagamentos, mediante transferencia, na conta corrente que se indique nas certificacións presentadas pola USC.

- O primeiro pagamento realizarase unha vez a USC instale todos os medidores nos órganos xudiciais, no último trimestre de 2025. Para a súa realización, é necesaria a presentación por parte da USC dunha certificación asinada polo órgano responsable de que a instalación realizouse correctamente. A data límite para presentar a documentación xustificativa da instalación é o 8 de decembro de 2025.

- O segundo pagamento realizarase unha vez que a USC emita o informe final explicativo por edificio xudicial, que deberá presentar na Dirección Xeral de Xustiza con data límite de 31 de marzo de 2026. Con este informe, a USC deberá remitir unha proposta de melloras que se poderá incorporar en plans de actuacións.

Sexta.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión mixta que se reunirá polo menos unha vez ao ano, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar, e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deporte noméase ao Director Xeral de Xustiza e á Subdirectora Xeral de Medios da Administración de Xustiza. Unha vez asinado este Convenio a Universidade de Santiago de Compostela designará e comunicará os seus representantes na Comisión de Seguimento.

Sétima.- Modificación do convenio

O presente convenio poderá ser modificado por mutuo acordo a través da subscripción da correspondente addenda modificativa, que deberá ser subscrita polas mesmas partes que asinan este convenio.





Oitava.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

1. Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
2. Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá, de ser o caso, esixir o reintegro das cantidades achegadas.

Novena.- Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, pola comisión mixta de seguimento, poñendo así fin á vía administrativa.

O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo, dando lugar á súa resolución e, no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de demora correspondentes si fora o caso.

O presente convenio ten carácter administrativo, quedando ámbalas dúas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo e ao disposto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polo Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991.

Décima.- Relación entre as partes

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a entidade que o asina, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo específica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, de





maneira supletoria terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia.

Décimo Primeira.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Décimo Segunda.- Publicidade

En concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima Terceira.- Vixencia

A data de efectos do presente convenio será dende a súa sinatura e finalizará o 30 de xuño de 2026.

En proba de conformidade, asíñase o presente convenio en Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Pola XUNTA DE GALICIA

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Reitor

Antonio López Díaz





ANEXO I: Órganos xudiciais nos que se farán as medicións.

1.- Provincia de A Coruña.

- C01 - A.Audiencia-SUP.METROS PL. BAJA-14 ESTANCIAS
- C01 - A.Audiencia-SUP.METROS PL. PRINCIPAL-19 ESTANCIAS
- C03 - Xulgados-SUP.METROS PL. BAJA- 38 ESTANCIAS
- C03 - Xulgados-SUP.METROS PL. S.SÓTANO-28 ESTANCIAS
- C03 - Xulgados-SUP.METROS PL. SÓTANO-5 ESTANCIAS
- C04 - Arzua-SUP.METROS PL. BAJA-8 ESTANCIAS
- C05 - Betanzos-SUP.METROS PL. BAJA-11 ESTANCIAS
- C05 - Betanzos-SUP.METROS PL. ACCESO-14 ESTANCIAS
- C06 - Carballo-SUP.METROS PL.BAJA-8 ESTANCIAS
- C06 - Carballo-SUP.METROS PL.SÓTANO-8 ESTANCIAS
- C07 - Corcubiión-SUP.METROS PL. BAJA-8 ESTANCIAS
- C07 - Corcubiión-SUP.METROS PL. SEMISOTANO-7 ESTANCIAS
- C08 - Ferrol-SUP.METROS PL. 1ª - PL. BAJA-14 ESTANCIAS
- C08 - Ferrol-SUP.METROS PL. BAJA - PL. SÓTANO-20 ESTANCIAS
- C08 - Ferrol-SUP.METROS PL. SÓTANO-9 ESTANCIAS
- C10 - Negreira-SUP.METROS PL. BAJA-7 ESTANCIAS
- C10 - Negreira-SUP.METROS PL. SÓTANO-4 ESTANCIAS
- C13 - Ortigueira- SUP.METROS PL. BAJA-8 ESTANCIAS
- C13 - Ortigueira- SUP.METROS PL. SÓTANO-3 ESTANCIAS
- C14 - Padrón-SUP.METROS PL. BAJA-3 ESTANCIAS
- C15 - Ribeira-SUP.METROS PL. BAJA-11 ESTANCIAS
- C16 - Santiago-SUP.METROS PL. BAJA- 25 ESTANCIAS
- C16 - Santiago-SUP.METROS PL. SÓTANO-15 ESTANCIAS
- C19 - REG.CIVIL- SUP.METROS PL. BAJA- 3 ESTANCIAS
- C19 - REG.CIVIL- SUP.METROS PL. SÓTANO- 5 ESTANCIAS
- C20 - Anexo Xulgados-SUP.METROS PL- BAJA- 8 ESTANCIAS
- C20 - Anexo Xulgados-SUP.METROS PL- SÓTANO- 1 ESTANCIA





C22 - SANTIAGO 2-SUP.METROS PL. Baja- 5 ESTANCIAS

C22 - SANTIAGO 2-SUP.METROS PL.Sótano - 4 ESTANCIAS

2.- Provincia de Lugo.

L01 - FONSAGRADA-SUP. METROS. PL. BAJA- 7 ESTANCIAS

L02 - BECERREA-SUP.METROS. PL.BAJA- 6 ESTANCIAS

L03 - CHANTADA--SUP.METROS. PL. BAJA- 11 ESTANCIAS

L05 - JUZGADO LUGO-SUP.METROS. PL. BAJA- 30 ESTANCIAS

L05 - JUZGADO LUGO-SUP.METROS. PL. SEMISÓTANO-29 ESTANCIAS

L05 - JUZGADO LUGO-SUP.METROS. PL. SÓTANO- 4 ESTANCIAS

L06 - MONDOÑEDO-SUP.METROS. PL. BAJA+SÓT- 14 ESTANCIAS

L07 - MONFORTE-SUP.METROS. PL.BAJA- 12 ESTANCIAS

L08 - SARRIA-SUP.METROS. PL. BAJA- 14 ESTANCIAS

L08 - SARRIA-SUP.METROS. PL. SÓTANO- 0 ESTANCIAS

L09 - VILALBA-SUP.METROS. PL. BAJA- 9 ESTANCIAS

L09 - VILALBA-SUP.METROS. PL. SOTANO-5 ESTANCIAS

L10 - VIVEIRO-SUP.METROS. ENTREPLANTA- 7 ESTANCIAS

L10 - VIVEIRO-SUP.METROS. PL. SÓT- BAJA- 4 ESTANCIAS

3.- Provincia de Ourense.

O01 - POBRA DE TRIVES-SUP.METROS PL. BAJA- 9 ESTANCIAS

O02 - BANDE-SUP.METROS. PL. BAJA- 6 ESTANCIAS

O02 - BANDE-SUP.METROS. PL.SÓTANO-5 ESTANCIAS

O03 - CELANOVA-SUP.METROS. PL. BAJA-0 ESTANCIAS

O04 - O BARCO de VALDEORRAS-SUP.METROS. PL. BAJA-5 ESTANCIAS

O04 - O BARCO de VALDEORRAS-SUP.METROS. PL. SÓTANO- 8 ESTANCIAS

O06 - O CARBALLIÑO-SUP, METROS. PL. BAJA- 9 ESTANCIAS

O06 - O CARBALLIÑO-SUP, METROS. PL. SÓTANO- 4 ESTANCIAS





- O08 - Palac.DE XUSTICIA DE OURENSE-SUP,METROS. PL. BAJA-14 ESTANCIAS
- O08 - Palac.DE XUSTICIA DE OURENSE-SUP,METROS. PL. SÓTANO-11 ESTANCIAS
- O10 - VERIN--SUP.METROS. PL. ACCESO- 2 ESTANCIAS
- O10 - VERIN--SUP.METROS. PL. S.SÓTANO-2 ESTANCIAS
- O11 - XINZO-SUP,METROS. PL. BAJA- 9 ESTANCIAS
- O12 - Nuevo Xulgado de Ourense-SUP,METROS. PL. -1ª-32 ESTANCIAS
- O12 - Nuevo Xulgado de Ourense-SUP,METROS. PL. -2ª- 18 ESTANCIAS
- O12 - Nuevo Xulgado de Ourense-SUP,METROS. PL. Baja- 8 ESTANCIAS

4.- Provincia de Pontevedra.

- P01 - A ESTRADA-SUP.METROS. PL. BAJA- 3 ESTANCIAS
- P02 - CALDAS DE REIS-SUP.METROS. PL. BAJA- 5 ESTANCIAS
- P03 - CAMBADOS-SUP.METROS. PL. BAJA- 6 ESTANCIAS
- P03 - CAMBADOS-SUP.METROS. PL.SÓTANO- 7 ESTANCIAS
- P04 - CANGAS-SUP.METROS. PL. BAJA- 5 ESTANCIAS
- P04 - CANGAS-SUP.METROS. PL. SÓTANO-10 ESTANCIAS
- P05 - LALIN-SUP.METROS. PL. BAJA-ENTRESUELO- 7 ESTANCIAS
- P05 - LALIN-SUP.METROS. PL. SOTANO -1- 6 ESTANCIAS
- P05 - LALIN-SUP.METROS. PL. SOTANO -2- 5 ESTANCIAS
- P07 - PORRIÑO-SUP.METROS. PL. BAJA- 4 ESTANCIAS
- P07 - PORRIÑO-SUP.METROS. PL. SÓTANO- 9 ESTANCIAS
- P08 - PONTEAREAS-SUP.METROS. PL. BAJA- 10 ESTANCIAS
- P08 - PONTEAREAS-SUP.METROS. PL. SÓTANO- 7 ESTANCIAS
- P10 - XULGADOS-PONTEVEDRA-SUP.METROS. PL. BAJA- 25 ESTANCIAS
- P10 - XULGADOS-PONTEVEDRA-SUP.METROS. PL.SÓTANO-1-3 ESTANCIAS
- P10 - XULGADOS-PONTEVEDRA-SUP.METROS. PL.SÓTANO-2-1 ESTANCIA
- P11 - REDONDELA-SUP.METROS. PL. BAJA- 7 ESTANCIAS
- P16 - A ESTRADA-2-SUP.METROS. PL.BAJA- 0 ESTANCIAS
- P20 - Rexistro Civil de Vigo-SUP.METROS. PL. S.SÓTANO- 4 ESTANCIAS





P20 - Rexistro Civil de Vigo-SUP.METROS. PL.BAJA- 3 ESTANCIAS

P22 - Nuevo Xulgado de Pontevedra-SUP.METROS. PL. Baja- 11 ESTANCIAS

P22 - Nuevo Xulgado de Pontevedra-SUP.METROS. PL. SÓT-1- 5 ESTANCIAS

P22 - Nuevo Xulgado de Pontevedra-SUP.METROS. PL. SÓT-2- 6 ESTANCIAS

P24 - Cidade da Xustiza de Vigo-SUP.METROS. PL. 0- 74 ESTANCIAS

P24 - Cidade da Xustiza de Vigo-SUP.METROS. PL. -1- 21 ESTANCIAS

P24 - Cidade da Xustiza de Vigo-SUP.METROS. PL. -2- 7 ESTANCIAS

